

O Incio e Val do Mao: Homenaxe A Escritora na súa Terra a Marica Campo, o sábado 15 de xuño

jueves, 13 junio 2013, 11:53, por [Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#)

A [Homenaxe A/O Escritor/a na súa Terra](#) que cada ano impulsa a [AELG](#) chega neste 2013 á súa XIX edición, recaendo en decisión por unanimidade da Asemblea de Socias e Socios na figura de [Marica Campo](#).

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da [Asociación](#), e tense constituído ao longo de case dúas décadas como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeada cobra un protagonismo fundamental. É vontade da [AELG](#) honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a, neste caso Silverio Rivas), a plantación dunha árbore simbólica (unha camelia elixida pola propia autora), a colocación dun monólito conmemorativo e a atribución do nome da homenaxeada a un espazo público, neste caso ao Campo da Festa – Souto Marica Campo.

PROGRAMA

11:30 h. Praza da Casa do Concello do Incio (A Cruz do Incio).

Acto de entrega da letra E.

Interveñen:

- Laura Celeiro García, Alcaldesa do Incio.
- Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG.
- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.
- Xosé Ramón Freixeiro Mato. Laudatio.

Entrega da peza escultórica de Silverio Rivas.

- Intervención da homenaxeada: resposta á laudatio por parte de Marica Campo.

13:00 h. Campo da Festa-Souto Marica Campo (Val do Mao).

Plantación da camelia (árbore simbólica da escritora) e descubrimento do Monólito conmemorativo e da placa que atribúe o nome da homenaxeada ao Souto.

Interveñen:

- Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.
- Marica Campo.

A organización conta co apoio do Concello do Incio, a Deputación Provincial de Lugo e a Consellaría de Cultura.

LAUDATIO